



RESOLUCIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2020 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS POLA QUE SE CONVOCA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA.

O artigo 40 e seguintes do *Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 145, do 29 de xullo)*, e a *Orde de 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 106, do 5 de xuño)*, regulan a provisión de postos de xefatura de persoal licenciado sanitario mediante o sistema de avaliación colexiada de méritos e defensa pública de proxecto técnico para o posto. Así, a provisión realizarase mediante un proceso de selección con baseamento na avaliación do currículo profesional dos/das aspirantes e dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, que será defendido publicamente. Para a avaliación do currículo profesional atenderase fundamentalmente aos méritos recollidos no Decreto e desenvoltos na presente convocatoria, indicativos da actualización dos coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño das correspondentes funcións de xefatura.

Nesta área sanitaria de Pontevedra e O Salnés está vacante o posto de xefatura de sección de Uroloxía, que resulta necesario cubrir de acordo coas normas anteriores.

Autorizada a convocatoria por acordo da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo *Decreto polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia. (DOG nº 204, do 25 de outubro de 2019)*, o Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés resolve convocar a provisión, polo sistema de avaliación colexiada, do posto de XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA de conformidade coas seguintes

B A S E S

1. Normas xerais



1.1 Posto de traballo.

A presente convocatoria ten por obxecto a provisión do posto polo procedemento de **AVALIACIÓN COLEXIADA** de **XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA** vacante na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, cuxas funcións serán a organización e xestión da sección ao marxe das que lle puideran ser encomendadas directamente pola Dirección.

O plan de obxectivos do posto convocado é o indicado no Anexo I e os méritos a valorar recóllense no Anexo II.

As retribucións do posto convocado serán as correspondentes á categoría segundo a Orde anual da Consellería de Economía e Facenda, pola que se ditan as instrucións sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica.

1.2 Sistema selectivo

A provisión do posto convocado levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 40 a 44 do *Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde*, e nos artigos 5 e seguintes da *Orde de 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde*, polo procedemento de **avaliación colexiada**, cunha puntuación total máxima de **60 puntos**, no que se terá en conta tanto o currículo profesional como o proxecto técnico relacionado coa xestión da xefatura de sección.

Asemade, valorarase cunha puntuación adicional de 40 puntos o compromiso manifestado polo/a solicitante na solicitude para participar nesta convocatoria, de dedicación exclusiva á institución sanitaria durante o período de desempeño da xefatura.

1.2.1 Méritos



Valoraranse os méritos co máximo de **30 puntos**, conforme aos méritos dispostos no Anexo II destas Bases, tendo en conta a formación, a experiencia profesional e as actividades docentes e de investigación, indicativas da actualización de coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño das funcións de xefatura de sección, así como a implicación na xestión mediante a xefatura e coordinación de unidades e equipos, as titorías docentes e a organización de formación, así como a participación en comités internos e en proxectos institucionais.

A acreditación dos méritos alegados realizarase a través do Expediente-e (intranet SERGAS - FIDES) mediante a presentación do orixinal ou fotocopia compulsada xunto coa solicitude. Só se valorarán os méritos que o/a interesado/a reúna ata o día anterior á publicación da convocatoria e sexan acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Non é necesario acreditar aqueles méritos que xa constan debidamente validados (marcados coa letra "V") pola oficina virtual do profesional, expedient-e.

Se non estivesen validados deberán achegar, xunto coa solicitude de participación na convocatoria, copia das solicitudes de validación presentadas onde consten os méritos alegados e a data de presentación dos mesmos.

1.2.2 Proxecto técnico

Estará relacionado coa xestión do servizo e conterá un programa de obxectivos do mesmo, cuantitativos e cualitativos, en relación cos que se recollen como Anexo I da presente Resolución.

O proxecto técnico será valorado co máximo de **30 puntos** e será defendido ante a Comisión de Avaliación nun acto público. No mesmo acto, o/a aspirante defenderá a adecuación do seu currículo profesional ás características do posto de traballo e ao programa de obxectivos.

1.2.3 Dedicación exclusiva



O compromiso manifestado polo/a solicitante na solicitude para participar nesta convocatoria, de dedicación exclusiva á institución sanitaria durante o período de desempeño da xefatura, valorarase cunha puntuación adicional de 40 puntos.

2. Requisitos

Poderán participar na presente convocatoria os/as interesados/as que na data da finalización do prazo para a presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos que, no caso de resultar adxudicatario/a do posto convocado, deberán manterse durante todo o proceso e ata o momento da toma de posesión:

- a) Estar en posesión dos títulos de Grado, Licenciado ou Doutor en Medicina, e de especialista en UROLOXÍA.
- b) Ostentar a condición de persoal estatutario fixo licenciado sanitario na categoría i especialidade de UROLOXÍA, en situación de activo en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde ou ser titular de praza vinculada docente-asistencial da mesma especialidade.
- c) Ter tres anos de experiencia profesional na categoría de facultativo especialista en UROLOXÍA, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional ou desempeñando praza vinculada docente-asistencial.

3. Solicitudes, documentación e prazo

3.1 Os/as interesados/as en participar na convocatoria deberán de presentar solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo III, que estará á súa disposición na intranet e no Rexistro Xeral da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, sito no Hospital Provincial de Pontevedra, así coma na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es/emprego público/desenvolvemento profesional/](http://www.sergas.es/emprego_publico/desenvolvemento_profesional/)) no apartado de emprego público, provisión de postos de xefatura e coordinación.

3.2 A solicitude anterior virá acompañada da seguinte documentación:



- 1) Documento de identificación: fotocopia compulsada do **DNI** ou pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do/a interesado/a.
- 2) Certificación expedida polo Servizo de Saúde correspondente de que ostenta a condición de persoal **estatutario fixo** licenciado/a sanitario/a na especialidade de UROLOXÍA en situación de **activo**. Se se desempeña praza vinculada docente asistencial, certificación expedida polo órgano competente da correspondente Universidade. De ser persoal da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés ou persoal que tendo prestado servizos no Servizo Galego de Saúde, os seus datos xa consten validados no expedient-e, non terá que aportar este documento.
- 3) Certificación expedida polo/s Servizo/s de Saúde correspondente/s acreditativa dos **tres anos de experiencia profesional** na especialidade de, UROLOXÍA nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, ou no caso de praza vinculada docente-asistencial, certificación expedida polo órgano competente da correspondente Universidade. De ser persoal da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés ou persoal que tendo prestado servizos no Servizo Galego de Saúde, os seus datos xa consten validados no expedient-e, non terá que aportar este documento.
- 4) **Currículo profesional (base 1.2.1)**: Presentarase en formato papel e tamén en **soporte dixital non modificable** para a súa remisión aos membros da Comisión de Avaliación. Valorarase, conforme aos méritos recollidos no Anexo II destas Bases.

A documentación acreditativa dos méritos alegados, presentarase mediante documento orixinal ou fotocopia compulsada. Os aspirantes deberán ter debidamente rexistrados os méritos alegados no sistema informático Expedient-e (intranet SERGAS-FIDES) e acreditados documentalmente polos profesionais antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. No caso de méritos que poidan ser obxecto de valoración segundo esta convocatoria (participación en comités internos, proxectos institucionais, etc.) e que actualmente non teñen cabida en Fides, deberán ser entregados separadamente e relacionarse no currículo.



Non é necesario acreditar aqueles méritos que xa consten debidamente validados, dentro do prazo de presentación de solicitudes, na Oficina Virtual do profesional, expedient-e. Se non estivesen validados deberán achegar, xunto coa solicitude de participación na convocatoria, copia das solicitudes de validación presentadas onde consten os méritos alegados e a data de presentación dos mesmos.

Porén o dito, a Administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria demostrativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

Non se computará ningún mérito correspondente ao período MIR.

Só se terán en conta os méritos que o/a interesado/a reúna ata o día inmediatamente anterior á data de publicación da convocatoria no DOG e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación da solicitude.

- 5) **Proxecto técnico (base 1.2.2):** O proxecto técnico relacionado coa xestión do servizo/sección presentárase en formato papel e tamén en **soporte dixital non modificable** para a súa remisión aos membros da Comisión de Avaliación.
- 6) No caso de que o/a aspirante faga constar na solicitude da participación o **compromiso de dedicación exclusiva** coa institución, deberá achegar solicitude de percepción do complemento específico formulada no modelo que figura como Anexo IV. Os titulares de praza vinculada docente-asistencial deberán presentar declaración xurada de que desempeñan tal posto en réxime de dedicación exclusiva.
- 7) Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuente Sexuais actualizada, dependente do Ministerio de Xustiza, de non ter sido condenado/a por sentenza firme pola comisión de ningún dos delitos contra a Liberdade e indemnidade sexual por esixencia do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor segundo redacción efectuada pola Lei 26/2015 de 28 de xullo de



modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia(<https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>). (Autorización Anexo V).

Esta documentación deberá presentarse xunto coa solicitude de participación. Asemade, a documentación indicada nos **puntos 4 e 5** desta Base **non será susceptible de emenda con posterioridade**.

No caso de insuficiente acreditación dos requisitos de admisibilidade esixidos na convocatoria, poderán ser subsanados no prazo que estableza a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as de conformidade co establecido na base 5.2 desta convocatoria.

3.3 O prazo de presentación de solicitudes será de **1 mes natural**, contado a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3.4 A solicitude e a documentación presentaranse no Rexistro Xeral da Área Santiaria de Pontevedra e O Salnés, Hospital Provincial de Pontevedra, con sede na Rúa Loureiro Crespo, nº 2, C.P. 36001, e dirixidas ao Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Asemade, as solicitudes poderán presentarse a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* e, dirixidas á mesma dirección anterior.

A presentación fora de prazo da solicitude será causa de inadmisión no procedemento convocado.

A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito así como da compulsua da copia, caso de presentarse fotocopias, eliminará a mesma da súa correspondente avaliación.

3.5 Os/as aspirantes quedan vinculados polos datos que fagan constar na solicitude. O domicilio que figure na mesma considerarase como o único válido a efectos de



notificacións, sendo polo tanto da exclusiva responsabilidade do/a solicitante o erro na consignación do mesmo ou a falta de comunicación do seu cambio.

Os documentos orixinais que os/as aspirantes acheguen para acreditar os seus méritos, seranlle devoltos, previa solicitude do/a interesado/a, tralo remate do proceso selectivo, ou ben, se é o caso, unha vez resoltos os recursos, reclamacións ou demandas formulados contra a resolución final do proceso. Non serán obxecto de devolución as fotocopias compulsadas, o currículo nin o proxecto técnico.

4. Comisión de Avaliación

4.1 Os méritos aportados polos aspirantes e a súa idoneidade e competencia serán valorados por unha Comisión de Avaliación. Corresponde a esta Comisión elevar a proposta de resolución da convocatoria á Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

A Comisión de Avaliación estará integrada por cinco membros, nomeados/as pola Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que actuarán catro deles coa condición de vogais e un como presidente/a.

4.2 A súa composición será a seguinte:

- Catro membros nomeados a proposta da propia Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Destes catro membros, alomenos dous terán a condición de Xefe/a de Servizo e dous pertencerán a especialidade requirida a os/as aspirantes.
- Un membro nomeado a proposta da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Todos os membros da Comisión de Avaliación terán a condición de:

- Persoal estatutario fixo en categoría de licenciado sanitario, en situación de activo en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, ou
- Funcionario das categorías sanitarias do grupo superior de clasificación, con titulación de Licenciado en Medicina, ou



- Titular de praza docente-asistencial do mesmo nivel, con titulación de Licenciado en Medicina.

A presidencia da Comisión será desempeñada polo persoa designada polo/a Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés ou aquel membro da mesma en quen se delegue tal cometido.

A Comisión será asistida por un/unha Secretario/a de Actas, designado/a pola Xerencia, que terá a condición de persoal estatutario fixo de xestión e servizos do grupo superior de clasificación ou persoal funcionario de carreira do corpo superior.

A Xerencia publicará na intranet e nos taboleiros de anuncios de Dirección da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, así como na páxina web da Consellería de Sanidade (www.sergas.es/...) xunto coa relación definitiva de admitidos/as ao proceso, a Resolución pola que se nomean aos membros da Comisión de Avaliación.

A actuación desta Comisión axustarase ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados, e os seus membros deberán absterse de intervir cando conorra algunha das causas legais de abstención, nos termos previstos no artigo 23 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público* e, notificándoo á Xerencia. Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión cando concorran as circunstancias previstas na citada lei.

No seu funcionamento, esta Comisión rexerese polo establecido no Título Preliminar-Capítulo II, da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*.

4.3 Actuación da comisión:

4.3.1 Os méritos aportados polos/as aspirantes e a súa idoneidade e competencia serán valorados pola comisión, con aplicación das normas previstas nesta convocatoria.

4.3.2 A efectos da avaliación do proxecto técnico, defensa do mesmo e adecuación do currículo ao posto convocado, a Comisión de Avaliación axustarase ao esquema e puntuacións recollidas no Anexo II. Na avaliación deberán ter en conta tanto a adaptación do proxecto técnico aos obxectivos como a defensa do currículo e



adaptación ao posto convocado, os coñecementos dos datos do entorno, indicadores do Servizo así como as habilidades de comunicación e traballo en equipo e actualización dos coñecementos.

4.3.3 Rematada a baremación de méritos e a avaliación do proxecto técnico e adaptación dos/as candidatos/as ao posto convocado, a comisión remitirá proposta de resolución á Xerencia, coa orde de puntuación acadada polos/as candidatos/as en cada apartado destas bases.

5. Procedemento

5.1 Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Xerencia ditará Resolución, que se publicará nos taboleiros de anuncios de Dirección así coma na intranet da Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés e na páxina web da Consellería de Sanidade (www.sergas.es/...) na que se declarará aprobada a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, indicando neste último caso a causa da exclusión.

5.2 Os/as aspirantes disporán dun prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

5.3 Transcorrido este prazo, a Xerencia resolverá as reclamacións presentadas e publicarase a Resolución pola que se declare a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

5.4 A estimación ou desestimación das peticións de emenda entenderase implícita na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, contra a que se poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación de dita resolución.

5.5 Xunto coa Resolución definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, a Xerencia publicará nos taboleiros de anuncios e na intranet da Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés, así como na web da Consellería de Sanidade do Servizo



Galego de Saúde, a Resolución pola que se nomean os membros da Comisión de Avaliación.

5.6 Constituída a Comisión, esta convocará mediante anuncio publicado nos taboleiros de anuncios da Dirección así coma na intranet da Área Sanitaria Pontevedra y O Salnés, e na páxina web da Consellería de Sanidade, e, de se lo caso, por calquera outro medio acordado polos seus membros, os/as aspirantes que figuran nas listas definitivas de admitidos/as para a celebración do acto público de presentación e defensa do currículo e proxecto técnico de xestión. Entre a convocatoria indicada e a celebración do acto público deberá mediar un prazo mínimo de **dez días naturais**. Aqueles/as aspirantes que tendo sido convocados/as en tempo e forma non comparezan ao acto público de presentación e defensa, se entenderá como renuncia e serán excluídos/as do procedemento de provisión.

Comezará a exposición o/a candidato/a cuxo primeiro apelido comece pola letra "S", segundo a resolución do 10 de febreiro de 2020, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os/As candidatos/as disporán dun tempo de 40 minutos para a presentación do currículo e exposición do proxecto técnico de xestión.

5.7 Tralo acto público referido a Comisión valorará, cos criterios previamente establecidos, aos/ás aspirantes, con asignación da puntuación correspondente segundo o desglose dos dous apartados, currículo profesional e proxecto técnico, indicando ase mesmo para cada un deles/as o número de orde obtido de maior a menor puntuación.

5.8 Os empates que se produzan na puntuación total do proceso, resolveranse tomando en consideración o tempo de servizos prestados como persoal estatutario fixo nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na categoría de acceso ao posto, e de persistir o empate, a maior antigüidade no sistema público de saúde.



5.9 Rematada a valoración, a comisión remitirá os acordos acadados á Xerencia para a súa publicación mediante Resolución nos taboleiros de anuncios da Dirección dos Hospitais así coma na intranet da Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés e na páxina web da Consellería de Sanidade (www.sergas.es/.....) con apertura dun prazo de **quinze días hábiles** para a presentación, de ser o caso, de reclamacións contra a mesma. Ase mesmo a comisión poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria cando ningún/ha dos/as aspirantes acade 15 puntos na avaliación do proxecto técnico.

5.10 Finalizado o prazo de reclamacións, de ter reclamacións, serán valoradas estas pola Comisión de Avaliación e remitirán o acordo que proceda á Xerencia, que publicará mediante Resolución a listaxe coas puntuacións definitivas ou ben, no seu caso, a ratificación da proposta de que se declare deserta a convocatoria. As reclamacións formuladas contra a listaxe provisional serán rexeitadas ou admitidas por medio da resolución definitiva, que se publicará nos taboleiros de anuncios e na intranet da Área Sanitaria Pontevedra y O Salnés, así como na páxina web da Consellería de Sanidade (www.sergas.es/...).

5.11 A convocatoria será declarada deserta mediante proposta motivada cando non concorran aspirantes, cando concorran aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos, ou cando ningún/ha dos/as aspirantes acade 15 puntos na avaliación do proxecto técnico.

6. Resolución

A resolución da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés co nomeamento do/a aspirante, de ser o caso, seleccionado/a será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación.

O/A aspirante seleccionado/a obterá un nomeamento para o desempeño do posto por un período inicial de catro anos de duración.



7. Toma de Posesión.

O/A aspirante seleccionado/a deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do/a interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a condición de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica.

Entenderase que solicita excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

8. Avaliación do desempeño da xefatura.

De acordo co disposto no artigo 43 do *Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde*, os/as aspirantes seleccionados/as obterán un nomeamento para o desempeño do posto por un período inicial de catro anos de duración. Antes da finalización do referido período, os/as profesionais seleccionados/as serán avaliados para os efectos da prórroga, por idéntico período, ou remoción.



O procedemento de reavaliación realizarase conforme o disposto na *Resolución do 13 de xullo do 2011 pola que se procede a publicar a Orde de 6 de xullo do 2011 pola que se establecen as bases do procedemento para a reavaliación de determinadas xefaturas de persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde.*

9. Cesamento.

Sen prexuízo do disposto na base oitava desta resolución, e de acordo co artigo 56 do *Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde*, o profesional nomeado poderá ser cesado polo/a Xerente/a por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto. O cese virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia do interesado, sendo informados os/as representantes do persoal.

O incumprimento do compromiso de dedicación exclusiva implicará a perda inmediata do posto de xefatura, acordada polo mesmo órgano que dispuxo o nomeamento, segundo o establecido no artigo 9º da *Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.*

Segundo o disposto no artigo 44 do citado Decreto, o persoal cesado nun posto de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade incorporárase a unha praza da mesma categoría e especialidade da institución do destino orixinario, sempre que o dito destino tivese carácter definitivo.

Noutro caso, o/a profesional cesado/a incorporárase a unha praza da mesma categoría e especialidade da área sanitaria onde desempeñase o posto de xefatura, sempre que exista vacante. De non existir vacante, reincorporárase noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Este destino terá carácter provisional e o/a interesado/a deberá participar no primeiro concurso de traslados que se celebre, debendo solicitar todas as prazas da súa categoría.



10. Réxime Xurídico

No procedemento de provisión de praza convocada resultan de aplicación:

As normas xerais de procedemento contidas na

- *Lei 39/2015, de 1 outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

As normas específicas aplicables ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- *Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (B.O.E. do 17 de decembro)*
- *Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (D.O.G. do 29 de xullo)*
- *Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (D.O.G. do 5 de xuño)*
- *Resolución de 13 de xullo de 2011 pola que se procede a publicar a Orde de 6 de xullo de 2011 pola que se establecen as bases do procedemento para a reavaliación de determinadas xefaturas de persoal licenciado sanitario do Servizo Galego de Saúde (D.O.G. do 28 de xullo)*

E demais normativa de aplicación.

11. Recursos

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse **Recurso de Alzada**, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, perante a Dirección Xeral de



Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a partir do día seguinte da súa publicación.

Pontevedra, 21 de outubro de 2020

José Ramón Gómez Fernández



Xerente Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 4 de 11 de 2020 publícase no DOG núm. 223 o anuncio da presente convocatoria, e procédese á súa publicación no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés.
Pontevedra, a 4 de 11 de 2020.

A Directora de Recursos Humanos

María Cobas Brey





ANEXO I

PLAN DE OBXECTIVOS DA XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA NA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA O SALNES

O Proxecto técnico ou Memoria que presenten os/as candidatos, redactarase baixo a perspectiva do modelo actual de Area Sanitaria. A Memoria ou proxecto técnico deberá ser inédita e orixinal, noutro caso quedaría invalidada.

O alcance da praza é o ámbito da Uroloxía. Subsidiariamente, todas aquelas funcións que, no exercicio das súas competencias, lle sexan encomendadas pola Xefatura de Servizo ou pola Dirección, sen prexuízo das funcións propias doutras Xefaturas do mesmo Servizo.

A Memoria deberá sinalar a misión, visión e valores que propón para a Sección do Servizo de Uroloxía da Area sanitaria de Pontevedra e O Salnés e expoñer un análise externo e interno, sintetizado logo nunha matriz DAFO-CAME, que servirá de base para o desenvolvemento do Plan de Obxectivos.

O Plan de Obxectivos articulase en catro bloques:

1. Obxectivos asistenciais.
2. Obxectivos de xestión e coordinación.
3. Obxectivos de calidade e sistemas de información.
4. Obxectivos de docencia e investigación.

OBXECTIVOS ASISTENCIAIS

Os obxectivos asistenciais estarán en consonancia coa estratexia xeral da Area sanitaria de Pontevedra e O Salnés e considerarán de xeito preferente á xestión efectiva e eficiente da demanda asistencial, referido ao ámbito da sección.

1. Organización e coordinación baixo o prisma da xestión por procesos.
 - Deseño do mapa de procesos xeral da sección.



- Mapas de procesos dos procesos asistenciais singulares da carteira de servizos actual.
 - Mapas de procesos daqueles procesos asistenciais que se propoñan nunha eventual ampliación da carteira de servizos.
 - Procesos asistenciais de referencia para outras áreas sanitarias ou distritos sanitarios
2. Tendo en conta os recursos e dotación actuais e a carteira de servizos vixente do Servizo de Uroloxía e sen prexuízo das competencias organizativas e funcionais da Xefatura do Servizo, deberá presentar propostas sobre o seguinte:
- Deseño das relacións preferentes con outros Servizos que conforman a Área Sanitaria de Pontevedra e do Hospital Público do Salnés e, de xeito específico cos servizos cirúrxicos, Reanimación, Urxencias e UCI.
 - Deseño das relacións co Hospital Público do Salnés.
 - Propostas de deseños das relacións preferentes cos Centros de referencia (Área sanitaria de Santiago de Compostela, Área sanitaria de Vigo, 061, etc.)
 - Participacións en Comités Clínicos.
 - A Enfermaría na actividade do Servizo de Uroloxía e, particularmente, nesta Sección: rol, funcións, organización, resultados esperados, plan de formación.
3. As propostas de accións terán que considerar, como mínimo e de forma explícita, o seguinte:
- Visión da asistencia como procesos asistenciais.
 - Medidas para a redución da variabilidade na práctica clínica.
 - Actuación cos Servizos/Unidades cos que se ten maior relación asistencial no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, no Hospital Público do Salnés e nos Centros de referencia para a recepción e a remisión de pacientes.
 - Protocolos de ingreso dende o Servizo de Urxencias (Proceso de Ingreso dende Urxencias).
 - Medidas para a optimización dos recursos da Unidade e a potenciación máxima da actividade e do rendemento cirúrxico coa evitación de fallas de programación ou suspensións cirúrxicas por motivos estruturais.



- Protocolos de interconsultas/ e-consultas.
- Protocolos de prevención da infección nosocomial (programas Zero e multirresistencias, Código Sepsis ..).
- Información aos pacientes e familiares.
- Accións en materia de responsabilidade social corporativa: relacións con asociacións de pacientes.

Ademais das propostas, debera sinalarse o cronograma de implantación e obxectivos por etapas.

OBXECTIVOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN

1. Deberá indicar o Plan de relacións internas e externas que permita unha óptima coordinación cos demais dispositivos asistenciais de área e do Centro: Hospital Público do Salnés, Servizo de Medicina Intensiva, Servizo de Urgencias e resto dos servizos cirúrxicos. O Plan debe incluír unha proposta razoada de distribución da carteira de servizos. Ademais das propostas, deberá sinalarse o cronograma de implantación e obxectivos por etapas.
2. Proposta de medidas organizativas e de xestión tendentes á redución das estadias inadecuadas.
3. Medidas para a racionalización de custos en farmacia hospitalaria e en material sanitario, que deberá estar en funcionamento o primeiro ano de exercicio da Xefatura. A proposta debe aportar posibles mecanismos para o cumprimento dos obxectivos que no ámbito de gasto presenten a Consellería de Sanidade e o SERGAS.
4. Proxectos de participación nos Comités Técnico-Sanitarios e nos demais órganos de representación e participación dos profesionais para o asesoramento técnico.
5. Informe do 100% das reclamacións dos usuarios en 15 días a través do aplicativo corporativo QUERES e presentación nos termos e prazos establecidos dos



informes clínicos e de xestión que se requiran en materia de reclamacións patrimoniais, segundo o caso.

OBXECTIVOS DE CALIDADE E SISTEMAS DE INFORMACIÓN

1. Participación activa e cumprimento dos obxectivos en materia de calidade e seguridade clínica nos programas e accións que se establezan. De xeito particular, ao remate do primeiro ano de xefatura deben cumprirse os obxectivos seguintes e manter nos seguintes anos:
 - Identificación de pacientes. 100% na planta de hospitalización.
 - Hixiene de mans: % de Cumprimentación da hixiene de mans no servizo nos diferentes estamentos > do 80%.
 - Prevención da infección nosocomial.
 - Seguridade na prescrición e administración de fármacos: utilización do SILICON no 100% das prescricións.
 - Declaracións en SINASP.
 - Declaración oficial de Reaccións Adversas a medicamentos e material sanitario.
2. Participación activa no desenvolvemento do IANUS, no HCPRO, e a Historia Clínica Electrónica (curso clínico de hospitalización, interconsultas, consultas externas e tratamentos), incluso doutros aplicativos informáticos que se implanten (prescrición electrónica de farmacia (SILICON), petición electrónica a laboratorio, e-consulta, QUENDA, TELEA, SOLING, etc.) acadando o cumprimento dos obxectivos que se sinalen en cada momento e manténdose seguidamente.
3. Accións para a redución máxima da utilización do papel nas actividades do Servizo (asistenciais e administrativas)
4. Petición electrónica o laboratorio e o servizo de radiodiagnóstico. Deberá alcanzar o 100% no primeiro ano de exercicio, manténdose os seguintes.
5. Utilización doutros aplicativos informáticos segundo o plan de implantación que se propoña desde a Dirección: programación de quirófanos, interconsultas, etc.



6. Establecelos mecanismos de avaliación e medición dos indicadores que incidan sobre o cliente interno, pacientes, profesionais e sociedade, e que sexan coherentes coas liñas estratéxicas previamente establecidas. Elaboración e realización de enquisa de satisfacción de calidade percibida aos pacientes bianual.
7. Proposta de integración nun plan de calidade do Servizo de Uroloxía, segundo o presente a Xefatura do Servizo en uso das súas competencias e obxectivos.

OBXECTIVOS DE DOCENCIA E DE INVESTIGACIÓN

1. Implicación activa na formación pre e postgrao, garantindo a tutela e supervisión dos profesionais e alumnos en formación.
2. Establecer o itinerario formativo individualizado anual dos Residentes propios e daqueles que roten pola Sección, con indicación explícita dos obxectivos parciais e totais que deben acadarse.
3. Desenvolver e remitir o Xefe de Servizo o plan de formación continuada anual de facultativos e médicos internos residentes.
4. Propostas de estratexias de investigación integradas na política investigadora da Área Sanitaria, propoñendo liñas de traballo que incentiven a publicación de artigos en revistas científicas con índice de impacto. Estas estratexias de investigación atinxen a ensaios clínicos e a proxectos de investigación clínica, preferentemente multicéntricos e deberán estar en consonancia coa estratexia global do Servizo e da Área sanitaria. Elaboración da memoria anual de investigación do servizo.
5. Participación nas sesións clínicas do Hospital segundo a programación que se propoña dende a Comisión de Docencia e as indicacións que reciba da Xefatura do Servizo.
6. Presentación dunha memoria anual de investigación do servizo



ANEXO II

AVALIACIÓN DO CURRÍCULO PROFESIONAL, DO PROXECTO TÉCNICO E DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA

A documentación acreditativa dos méritos deberá estar redactada en calquera dos idiomas cooficiais en España. A documentación achegada en calquera outro idioma diferente dos oficiais do Estado que non estea traducida por tradutor xurado, non se valorará.

A puntuación total máxima do currículo profesional e do proxecto técnico e da súa defensa en acto público será de 60 puntos, coa seguinte ponderación:

A) AVALIACIÓN DO CURRÍCULO. Valorarase ata un máximo de 30 puntos.

A puntuación máxima para cada aspirante polos méritos previstos neste apartado será de 30 puntos. Os méritos aportados deberán acreditarse no xeito indicado en cada apartado e no seu defecto acreditarase conforme ao disposto no "procedemento de acreditación de méritos " previsto na última Oferta Pública de Emprego do SERGAS, xa que noutro suposto non se entenderán debidamente acreditado para a súa valoración:

1.- FORMACIÓN: máximo 10 puntos

1.1. FORMACIÓN UNIVERSITARIA

a) Título de doutor cum laude: 3 puntos.

b) Título de doutor: 2 puntos.

c) Pola realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real Decreto 185/1985) ou pola realización do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA): 1 punto.

A acreditación dos cursos de doutoramento, deberá realizarse coa achega da certificación na que quede constancia expresa de que o/a aspirante realizou todos os cursos de doutoramento e a indicación do programa e créditos obtidos.



d) Máster universitario oficial, máster universitario –título propio, experto universitario, especialista universitario no ámbito das ciencias da saúde ou na xestión sanitaria (**máximo 2 puntos**):

* En caso de estar computado en créditos ECTS:

Título oficial: 0,05 puntos/crédito.

Título propio: 0,025 puntos/crédito.

* En caso de estar computado en horas:

Título oficial: 0,005 puntos/hora.

Título propio: 0,0025 puntos/hora.

A acreditación da formación máster efectuarase mediante orixinal ou copia compulsada do título ou certificación da universidade en que conste ter sido superada polo/a aspirante a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECT asignados á dita actividade formativa.

De indicarse créditos e horas, se computarán por créditos. Non se valorará a actividade cuxa documentación no acredite o numero de horas ou créditos da mesma.

As puntuacións das letras a), b) e c) son excluíntes entre si.

1.2. FORMACIÓN ESPECIALIZADA

a) Título especialista homologado na especialidade convocada: **1 punto**.

b) Título especialista na especialidade convocada, obtido por ter completado o período como residente en formación da especialidade (en España ou país da Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido da docencia para posgraduados na especialidade á que se presente e con título validado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: **3 puntos**.

c) Título de especialidade convocada, obtido como consecuencia de acceder con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, a unha praza de especialista en formación convocada por algunha das administracións públicas ou institucións sanitarias concertadas con estas, e que acredite ter realizado de forma ininterrompida e baixo un mesmo réxime docente os anos de formación establecidos para a correspondente especialidade mediante nomeamento ou contrato de bolsa docente expedido pola dita Administración que



implique relación profesional retribuída periodicamente con cargo aos seus orzamentos: **3 puntos.**

As puntuacións das alíneas a) , b) e c) son excluíntes.

No suposto de titulacións obtidas en España, acreditarase tal mérito mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación emitida pola respectiva Comisión de Docencia ou Rexistro Nacional de especialistas en formación do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de ter completado o período de formación conducente á obtención do título da respectiva especialidade, que deberá indicar a data de superación.

No suposto de titulacións obtidas noutros Estados da Unión Europea achegarase xunto coa copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.

As titulacións obtidas no estranxeiro (non da UE) deberán acreditarse coa achega da copia compulsada do título, tradución xurada deste ou equivalente e documento de homologación ou validación expedido polo Ministerio de Educación español.

1.3. FORMACIÓN CONTINUADA

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a actividades formativas acreditadas por algún dos órganos acreditadores que integran o sistema acreditador da formación continuada do Sistema Nacional de Saúde, polo Consello Europeo de Acreditación da Educación Médica Continuada (EACCME) ou a Asociación Médica Americana (AMA), impartidos por calquera entidade ou organismo público ou privado, sempre que teñan un contido relacionado coa categoría/especialidade e/ou coas funcións propias do posto de traballo convocado.

b) Pola asistencia debidamente xustificada a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Servizo Público de Emprego, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde ou por calquera organismo público, sempre que teñan un contido relacionado coa categoría/especialidade e/ou coas funcións propias do posto de traballo convocado.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das administracións públicas, sempre que teñan



un contido relacionado coa categoría/especialidade e/ou coas funcións propias do posto de traballo convocado.

Valoración:

- Por crédito CFC: 0,05 puntos.
- Por crédito EACCME/AMA PRA categoría 1: 0,007 puntos.
- Por hora: 0,005 puntos.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste. Se a actividade formativa consta acreditada en créditos EACCME ou AMA PRA e créditos CFC, valorarase coa puntuación asignada a estes últimos.

Os cursos de prevención de riscos, de informática, de xestión clínica, de bioestatística e de metodoloxía da investigación valoraranse en todas as categorías/especialidades.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios, talleres ou similares, agás que estean debidamente acreditados polos órganos acreditadores que forman o sistema acreditador da formación continuada do Sistema Nacional de Saúde.

1.4. FORMACIÓN LINGUA GALEGA

- a) Pola acreditación da superación do curso de iniciación da lingua galega, curso Celga 3 ou equivalente: **0,2 puntos**.
- b) Pola acreditación da superación do curso de perfeccionamento da lingua galega, curso Celga 4 ou equivalente: **0,5 puntos**.

No suposto de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior. Os cursos, estudos ou titulacións deberán estar homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

2.- EXPERIENCIA: máximo 10 puntos



2.1 EXPERIENCIA PROFESIONAL

Experiencia profesional na especialidade á que se opta:

- a) Por servizos prestados na mesma categoría/especialidade na que se concursa, en Institucións Sanitarias Públicas das administracións de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,10 puntos/mes.
- b) Por servizos prestados na mesma categoría/especialidade en institucións sanitarias privadas de España ou dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza : 0,05 puntos/mes.

A experiencia profesional en institucións públicas acreditarase mediante certificación emitida pola Dirección de Recursos Humanos do centro ou órgano equivalente do centro público de que se trate, na cal deberá constar a categoría/especialidade, data de inicio e fin de cada unha das vinculacións/nº de horas no suposto de vínculos de atención continuada, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial)

A prestación de servizos en institucións sanitarias privadas, deberá acreditarse mediante certificación da empresa na que se faga constar a categoría, duración e xornada do facultativo.

2.2.- EXPERIENCIA EN XESTIÓN ASISTENCIAL

- a) Por cada ano de servizo en Institucións Sanitarias Públicas, prestado como xefe de servizo, coordinador de unidades ou como directivo, acreditado polo órgano competente: **0,3 puntos** .
- b) Por cada ano de servizo en Institucións Sanitarias Públicas, prestado como xefe de sección ou unidade: **0,1 puntos**.

Para a valoración deste apartado deberá aportarse copia do nomeamento oficial desta xefatura/coordinación, emitido polo órgano competente no que se faga constar o posto desenvolvido , e certificado de servizos prestados.

Valorarase tanto o tempo de servizos prestados cun nomeamento acreditativo como o tempo dedicado en funcións dese nomeamento, sempre que se acredite cun certificado emitido polo órgano competente no que se faga constar o posto desenvolvido, as funcións e o tempo no mesmo.



A experiencia en xestión asistencial é compatible e acumulable en puntuación coa experiencia profesional do apartado 2.1.

3.- OUTROS MÉRITOS: máximo 10 puntos

3.1.- PUBLICACIÓNS: máximo 4 puntos

3.1.1.- REVISTAS CIÉNTIFICAS: Máximo 2,5 puntos.

a) As publicacións que pertencen a revistas científicas indexadas no CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Pubmed, Web of Ciencia (Wos), Embase e PsycINFO , ponderaranse da seguinte forma, conforme o seu factor de impacto do *Journal Citation Reports (JCR)*, vixente na data de publicación da convocatoria:

- Primeiro cuartil da especialidade: 0,25 puntos.
- Segundo cuartil da especialidade: 0,20 puntos.
- Terceiro e cuarto cuartil: 0,15 puntos.

b) Publicacións en revista indexada sen factor de impacto ou revista científica non indexada: 0,05 puntos.

No suposto de que á revista se lle atribúan diferentes cuartiles en función da/s especialidade/es, asignarase sempre o cuartil máis alto.

Non serán obxecto de valoración as notas clínicas, resumos de comunicacións, cartas ao director, editoriais, imaxes, artigos de docencia/divulgación e casos clínicos.

A acreditación de publicacións en revistas científicas indexadas no CSIC (ICYT, ISOC), IBECS, Web of Science (Wos), Embase, PsycINFO, realizarase mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivamento de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

No caso de revistas científicas indexadas en Pubmed, non será necesaria a súa acreditación documental; bastará con aportar claramente o código de identificación PMID (pubMed identifier) dos artigos indexados.

3.1.2 .- LIBROS OU CAPÍTULOS DE LIBROS: Máximo 1,5 puntos



- Capítulos de libro relacionados coa especialidade do posto convocado : 0,30 puntos/capítulo.
- Libro completo relacionado coa especialidade do posto convocado : 0,90 puntos/libro.

Só terán a consideración de libro aquelas publicacións cun mínimo de 49 páxinas. Para a súa valoración, a publicación debe estar avaliada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio. Non se poderán valorar máis de dos capítulos dun mesmo libro.

Non terán a consideración de libro aínda que adopten esta forma de edición as actas de congreso.

Por non reuniren a condición de traballo científico e de investigación non serán obxecto de valoración os libros/capítulos editados como glosario, anuario, manuais de preparación para o acceso á formación sanitaria especializada e ao emprego público, cursos de formación continuada, protocolos de servizo, libros de casos clínicos, sesións interhospitalarias e demais que así se aprecien polo respectivo órgano de selección.

Por ser obxecto de valoración tal mérito noutra epígrafe do baremo, non se lle asignará ningunha puntuación nesta epígrafe ás publicacións de teses doutorais.

Non serán obxecto de valoración as autoedicións e/ou autopublicacións entendendo por tales aquelas publicacións financiadas ou promovidas por algún dos seus autores ou nas que este figure como editor.

No suposto de libros de autoría colectiva, só será obxecto de valoración aquela publicación que da documentación presentada polo/a aspirante quede suficientemente acreditada a participación concreta nela. Enténdese por autoría colectiva aquela publicación en que intervén un mínimo de catro autores.

Para os efectos deste baremo, non terán a consideración de autor da publicación o coordinador, director e outros colaboradores.

Para a valoración dos Libros/capítulos de libro editados en papel: Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.



Para a valoración dos libros editados en formato electrónico: Acreditarse tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivamento de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Normas comúns de valoración de libros e revistas.

- En ningún caso un mesmo contido determinado e obxectivo publicado baixo diferentes formas e en diferentes publicacións poderá ser obxecto de máis dunha valoración.
- Non serán obxecto de valoración as publicacións de carácter divulgativo.

3.2.- PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN máximo 4 puntos

Participación en proxectos de investigación.

- Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación financiados por organismos públicos:

a) Como investigador principal:

1. Proxectos internacionais: 1 punto.
2. Proxectos nacionais: 0,5 punto.
3. Proxectos autonómicos: 0,30 puntos.

b) Como investigador colaborador:

1. Proxectos internacionais: 0,60 punto.
2. Proxectos nacionais: 0,30 puntos.
3. Proxectos autonómicos: 0,10 puntos.

- Por cada participación en proxectos de investigación ou innovación en convocatorias competitivas financiados por organismos privados nacionais ou internacionais: Como investigador principal: 0,10 puntos.

Os proxectos de investigación non competitivos non serán baremables.

Non se considerará parte do equipo investigador o persoal contratado a cargo do proxecto nin as colaboracións puntuais no mesmo.



A actividade investigadora debe estar relacionada coa especialidade do posto convocado.

A participación como investigador principal nun proxecto de investigación acreditarase mediante copia da publicación oficial da resolución de convocatoria, sempre que consten os datos necesarios para identificar o proxecto e o investigador, ou certificado de participación expedido polo organismo financiador, no cal consten os datos identificativos do interesado e do proxecto en que participa.

A participación como investigador colaborador acreditarase mediante a presentación da copia de resolución de convocatoria se nela consta tal participación. O/a aspirante deberá constar como parte do equipo investigador definido no documento de solicitude do proxecto ou en documento posterior que así o acredite no caso de que houberse cambios no equipo investigador ao longo da súa vixencia.

No suposto de que o organismo convocante non expida certificados de participación, deberá achegarse certificado asinado polo investigador principal en que conste a identidade do/s colaborador/es, notificación acreditativa de concesión do proxecto ao investigador principal expedida polo organismo e copia do proxecto orixinal enviado á convocatoria no cal deberá constar a identidade dos investigadores colaboradores.

3.3.- ACTIVIDADE DOCENTE UNIVERSITARIA: Por servizos prestados como:

- catedrático vinculado: **0,25 puntos/ano.**
- profesor titular vinculado: **0,15 puntos/ano.**
- profesor asociado: **0,05 puntos/ano.**
- Colaborador docente: **0,025 puntos/ano.**

A docencia universitaria impartida acreditarase mediante certificación de servizos prestados polo órgano competente da respectiva universidade na cal se fará constar expresamente o cargo docente, o tipo de vinculación, o departamento ou área de coñecemento en que se impartiu a docencia e as datas de inicio e fin da vinculación.

3.4.- TITORÍA MIR/ FIR;/BIR/QUIR: Outorgaranse **0,1 puntos/ano.**

Acreditarase mediante certificación asinada pola Comisión de Docencia do centro onde se tivese impartido, na cal deberán constar expresamente os períodos de desenvolvemento de tal actividade e condición en que se impartiu.



3.5.- ROTACIÓNS OU ESTANZAS NOUTROS CENTROS: a partir da finalización do período de residencia, para o desenvolvemento ou perfeccionamento profesional na especialidade: puntuarase a razón de **0,1 puntos/mes completo**.

Acreditaranse mediante certificación do responsable da estadia (director do centro) ou do organismo público concedente da axuda (no caso de estadias financiadas no marco dun programa de recursos humanos), na cal se faga constar o obxecto da estadia e as datas de inicio e fin.

Non serán tidas en conta as rotacións externas realizadas durante o período formativo da respectiva especialidade.

3.6.- PARTICIPACIÓN EN COMISIÓNS:

- a) Nas Comisións hospitalarias do Sistema Nacional de Saúde, Servizos de Saúde, Consellerías de Sanidade ou Ministerio de Sanidade expresamente contempladas e reguladas pola norma que as estableza : **0,1 puntos** por cada período de 2 anos.
- b) Nas Comisións das Sociedades Científicas nacional, europea ou mundial, **0,05 puntos** por cada período de 2 anos.

En ambos casos, acreditaranse mediante certificación do responsable da comisión , na cal deberán constar expresamente alo menos o obxecto da mesma e os períodos concretos (con indicación del mes e ano) de desenvolvemento de tal actividade polo interesado.

No caso de non ter participado dous anos, valorarase a parte proporcional do tempo acreditado.

B) AVALIACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO RELACIONADO COA XESTIÓN DA UNIDADE Valorarase ata un máximo de **30 puntos**.

O proxecto será presentado e defendido ante a Comisión de Avaliación nun acto público.

No mesmo acto, o aspirante defenderá a adecuación do seu currículo profesional ás características do posto de traballo convocado e ao plan de obxectivos fixados no Anexo I.

Na avaliación terase en conta tanto a adaptación do proxecto ás bases, como a defensa do mesmo e do currículo e os coñecementos dos datos do entorno, indicadores do Servizo así como as habilidades na de comunicación e traballo en equipo, e, en concreto:

- Presentación, claridade e calidade do Proxecto Técnico: De 0 a 3 puntos.



- Análise do entorno e do servizo: De 0 a 6 puntos.
- Planificación da actividade asistencial e proposta de obxectivos concretos: De 0 a 6 puntos.
- Propostas de integración, coordinación e planificacións estratéxicas: De 0 a 6 puntos.
- Propostas organizativas de xestión e calidade no servizo: De 0 a 6 puntos.
- Pola proposta de planificación da actividade docente e investigadora: De 0 a 3 puntos.

A Comisión de Avaliación poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria no suposto de que ningún dos/as aspirantes acade 15 puntos na avaliación do proxecto técnico de xestión da unidade.

C) DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

O compromiso manifestado polo/a solicitante na solicitude para participar nesta convocatoria, de dedicación exclusiva á institución sanitaria durante o período de desempeño da xefatura, valorarase cunha puntuación adicional de 40 puntos.



ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFATURA SECCIÓN DE UROLOXÍA NA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS, DE CONFORMIDADE COA RESOLUCIÓN DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE PONTEVEDRA-SALNÉS DO 21 DE OUTUBRO DE 2020, PUBLICADA NO DOG nº, DO DE DE 202...

REXISTRO DE ENTRADA

Nome e Apelidos _____

D.N.I. _____

Dirección _____

Teléfono _____

EXPÓN:

Que publicada a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra-Salnés do 21 de outubro de 2020 pola que se convoca a provisión do posto de XEFATURA SECCIÓN DE UROLOXÍA NA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS, e reunindo os requisitos necesarios,

SOLICITA:

Sexa admitida a presente solicitude para a cobertura do posto convocado.

Documentos que xunta a esta solicitude:

- Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade do solicitante.
- Certificacións acreditativas de ter praza en propiedade como persoal estatutario en situación de servizo activo e tres anos de experiencia na categoría que ostente, ou de desempeñar praza vinculada docente-asistencial cos mesmos requisitos.
- Currículum Profesional.
- Orixinais ou copias compulsadas da titulación e/ou dos xustificantes dos méritos aportados/ relación méritos que constan no expediente de Pontevedra e O Salnés/solicitude de validación.
- Proxecto técnico.
- Solicitude do compromiso de dedicación exclusiva á Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés (Anexo IV debidamente cumprimentado) ou declaración xurada de desempeñar praza vinculada docente-asistencial nesa mesma condición.
- Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais actualizada.
- Outros (indicar cales)

Pontevedra, de de 202.....

Asdo.:

XERENTE DA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNES



ANEXO IV

SOLICITUDE CONDICIONADA DE PERCEPCIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO DO POSTO DE XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA NA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS.

Apelidos e nome: _____

D.N.I. _____

Categoría Estatutaria: _____

EXPÓN

Primeiro.- Que, de acordo co establecido no Decreto 11/1995 de 20 de xaneiro, e para o caso de que se lle adxudique o posto de **XEFATURA DE SECCIÓN DE UROLOXÍA NA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNÉS**, convocado por Resolución de 21 de outubro de 2020, opta por desempeñar tal posto para o Servizo Galego de Saúde en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Que non desempeñará ningunha outra actividade pública ou privada pola que perciba retribución algunha que, de acordo coa Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades, resulte incompatible coa percepción do complemento específico do citado posto previsto no Real Decreto Lei 3/87, do 11 de setembro.

Por todo o anterior **S O L I C I T A**

Lle sexa aceptada a opción de prestación dos seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, coa conseguinte percepción do complemento específico que corresponda de acordo co sistema retributivo vixente.

Sen prexuízo do anterior, a validez e eficacia da presente solicitude queda condicionada á efectiva adxudicación do posto convocado de Xefatura de Sección de Uroloxía a persoa asinante. De non resultar adxudicatario/a do citado posto, considerarase a solicitude, como non presentada e sen validez.

Pontevedra, de de 202....

Asdo.:

XERENTE DA ÁREA SANITARIA PONTEVEDRA E O SALNES



ANEXO V

Declaración responsable e autorización de acceso para dar cumprimento ao artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor (LOPXM).

Apelidos e nome:		Sexo: H <input type="checkbox"/> DNI/NIE	
<input type="text"/>		M <input type="checkbox"/> <input type="text"/>	
Data de nacemento: (dd/mm/aaaa)	Nacionalidade (se non é española):	País de nacemento (se non é España)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Localidade de nacemento:		Provincia de nacemento:	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Nome do pai (como aparece no DNI):		Nome da nai (como aparece no DNI):	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Teléfono:	Enderezo electrónico:		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
Enderezo postal:	Localidade:	C.P.:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
Categoría:	Vinculación:	Centro traballo:	
<input type="text"/>	Fixo: <input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	
	Temporal: <input type="checkbox"/>		

DECLARO que non fun condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

AUTORIZO ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e solicitar no meu nome a certificación (marque cun x o que corresponda),

SI NON * No caso de non autorizar deberá solicitar a certificación e entregala persoalmente no seu centro de traballo.

AUTORIZO así mesmo ao Servizo Galego de Saúde para consultar os meus datos de identidade para poder acceder a dita consulta no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais

SI NON * No caso de non autorizar deberá cubrir completa e correctamente todos os datos do formulario.

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa expresa responsabilidade que son certos cantos datos figuran na presente solicitude. Así mesmo, asume a obriga de comunicar a existencia dunha sentenza firme polos delitos do artigo 13.5 da LOPXM que se produzan con posterioridade a sinatura desta declaración.

En , de de

Dirixido á

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos ao cubrir este documento e demais que se achegan van ser incorporados, para o seu tratamento, nun ficheiro. Así mesmo, infórmase que a recollida e tratamento dos ditos datos ten como finalidade dar cumprimento ao disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor. De acordo co previsto na citada Lei Orgánica, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo un escrito ao órgano competente en materia de persoal.

